



**Cofinanciado por
la Unión Europea**

Visita de estudos a Trieste

12–16 de xaneiro de 2026 – EPA Berbés (Erasmus+)

Día 1 – Luns 12

Benvida e UE

- **09:30–11:00 (PAG)** Benvida, dinámica de grupo, presentación de Erasmus+, do proxecto e do programa semanal; introdución aos valores da UE; expectativas, medos e achegas; designación da persoa responsable do informe diario; cuestionario inicial.
- **11:00–11:15** Pausa para o café.
- **11:15–13:00** Obradoiro «Que nos une como europeos e europeas?»: actividades cooperativas sobre dereitos, diversidade e colaboración.
- **13:00–14:30** Xantar.
- **14:30–17:00** Visita ao Colle San Giusto e ao castelo (posible visita guiada).

Día 2 – Martes 13

Memoria histórica

- **09:00–13:00** Visita educativa sobre as Foibe: Magazzino 18, cun enfoque sensible e inclusivo e reflexión en grupos.
- **13:00–14:30** Xantar libre.
- **14:30–17:30** Visita ao lugar das Foibe e baixada en tranvía (se é posible, Opicina); posible visita guiada; reflexión final.

Día 3 – Mércores 14

Viaxe a Liubliana

- **08:00** Saída desde Trieste.
- **10:00–13:00** Percorrido: Tres Pontes, praza Prešeren, río Ljubljanica, Mercado Central e funicular opcional ao castelo.
- **13:00–14:30** Xantar libre.
- **14:30–16:00** Visita a Metelkova Mesto: arte urbano, murais de dereitos humanos; actividade «observar–fotografar–interpretar».
- **17:00–18:30** Regreso a Trieste. Noite libre.

Día 4 – Xoves 15

Miramare e obradoiro creativo

- **09:30–13:00** Visita ao castelo de Miramare: Imperio austrohúngaro, papel de Trieste, interiores e parque.
- **13:00–15:30** Xantar e tempo libre en Barcola.
- **15:30–17:00** Obradoiro creativo sobre valores europeos: elaboración de carteis, colaxes e relatos breves.

Día 5 – Venres 16

Cafés históricos e peche

- **09:30–13:00** Roteiro polos cafés históricos e polo centro de Trieste: Caffè San Marco, Caffè Tommaseo, Piazza Unità, Canal Grande e gueto xudeu; observación e debate en grupos.
- **13:00–14:30** Xantar en Cemut.
- **Tarde** Posible viaxe a Venecia para coller o voo de regreso a Vigo o sábado.